

MOCIÓN DE AER SOBRE PEAXE AUTOPISTA

PLENO 26 XANEIRO 2012. ACTA 1/2012

Antecedentes

Moción da Agrupación de Electores de Redondela que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta os 30 anos que se leva cobrando aos veciños do concello de Redondela por usar a saída 148 da Ap-9, nun percorrido de tan só 5 kilómetros, e as vantaxes que nestes últimos anos lles outorgaron aos residentes dos concellos veciños, tales como o Morrazo que levan 5 anos sen pagar a peaxe e os da vertente sur da cidade que foron favorecidos polo segundo cinturón ou Vg-20 para mellorar a circulación e o achegamento ao centro urbán e laboral de Vigo.

Dende a Agrupación Electores de Redondela consideramos un abuso que sigamos pagando unha peaxe na saída 148 da Ap-9 no concello, xa que de sobra están amortizadas as obras da autoestrada e consideramos que isto é unha ronda da cidade que ten que favorecer a mobilidade dos cidadáns de todos os municipios veciños por igual, ademais de favorecer o crecemento dunha área metropolitana moderna coas súas infraestructuras gratuitas, como é unha circunvalación ou ronda para desatascar o polémico tráfico do centro urbán de Vigo, como teñen o resto de cidades do Estado Español.

Por outra banda, tal e como está construída a rotonda da N552 na saída antes mencionada no barrio de Cabanas, debido a defectos de deseño, os peóns non teñen ningunha maneira de continuar a súa marcha tanto en dirección Vigo como na contraria, ao non estar dotada de beirarrúas, pasos de peóns nin semáforos.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte acordo:

- **Instar á Xunta de Galicia a negociar coa empresa adxudicataria a supresión da peaxe na saída de Redondela Nº 148 da Ap9. Así como como enviar dende o Concello a dita empresa (AUDASA) a solicitude de eliminación de dita peaxe.**
- **Instar a Fomento a adecuar as beirarrúas e os cruzamentos peonís na rotonda da N552 no barrio de Cabanas.**

O voceiro de AER sinala que deberá dirixirse a moción tamén ao Concello de Vigo para que adopten acordo no mesmo sentido.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE,2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción transcrita coa seguinte parte dispositiva:

- 1. Instar á Xunta e Galicia e ao Ministerio de Fomento a negociar coa empresa adxudicataria a supresión da peaxe na saída e na entrada de Redondela da AP). Así como enviar dende o Concello a dita empresa (AUDASA) a solicitude de eliminación de dita peaxe.**
- 2. Instar ao Ministerio de Fomento a adecuar as beirarrúas e os cruzamentos peonís na rotonda da N552 no barrio de Cabanas, así como a instalar un semáforo á altura do “Tesouro de Rande”.**
- 3. Dirixir o presente acordo ao Concello de Vigo aos efectos de que, no seu caso, adopten os acordos pertinentes no mesmo sentido.**